

Dentro do marco do III Plan de Igualdade De Oportunidades Entre Mulleres e Homes Do Concello de Vigo 2005-2007, recóllese o obxectivo de fomentar a igualdade de oportunidades de nenos e nenas dende as institucións educativas, así como favorecer e difundir a posta en marcha de actividades educativas que promovan a igualdade entre xéneros. Estes obxectivos inclúense no epígrafe de Coeducación nas Institucións Educativas: Escola e Familia, empregando o termo "coeducación" para referinos á educación conxunta de dous colectivos humanos específicos: os homes e as mulleres, nun sentido máis amplio que a educación mixta. Baixo esta concepción preténdese que a educación de nenos e nenas avance cara a un modelo integral no que non teñan cabida sesgos derivados do sexismo tradicional androcéntrico.

Existen suficientes experiencias sobre os excelentes resultados educativos e sociais que proporciona o traballo dende a perspectiva coeducativa, que demostran que se pode acadar una educación máis igualitaria e integral.

Nesta liña propónse esta convocatoria de incentivos aos centros educativos para promover accións e/ou programas en igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista.

Consideramos que con esta iniciativa potenciaranse proxectos e experiencias que teñan como obxectivo a promoción da igualdade de oportunidades para ámbolos dous性s nos diferentes eidos da vida escolar: contidos curriculares, metodoloxía, espazos, funcionamentos do centro, tipo de actividades, etc, así como a incorporación da perspectiva de xénero na educación en valores.

































xustificación


referinos á educación conxunta de dous colectivos humanos específicos: os homes e as mulleres, nun sentido máis amplio que a educación mixta. Baixo esta concepción preténdese que a educación de nenos e nenas avance cara a un modelo integral no que non teñan cabida sesgos derivados do sexismo tradicional androcéntrico.

Existen suficientes experiencias sobre os excelentes resultados educativos e sociais que proporciona o traballo dende a perspectiva coeducativa, que demostran que se pode acadar una educación máis igualitaria e integral.

Nesta liña propónse esta convocatoria de incentivos aos centros educativos para promover accións e/ou programas en igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista.

Consideramos que con esta iniciativa potenciaranse proxectos e experiencias que teñan como obxectivo a promoción da igualdade de oportunidades para ámbolos dous性s nos diferentes eidos da vida escolar: contidos curriculares, metodoloxía, espazos, funcionamentos do centro, tipo de actividades, etc, así como a incorporación da perspectiva de xénero na educación en valores.





comisión de valoración

Para a valoración das memorias e concesión dos incentivos constituirase un xurado presidido pola concelleira da Igualdade ou persoa en quen delegue, que actuará como Presidenta, e formado polos seguintes membros:

- 1 Técnico/a da Concellería de Igualdade
- 1 Técnico/a da Concellería de Educación
- As funcións de secretario/a da comisión serán realizadas por un/unha funcionario/a da Concellería de Igualdade que actuará con voz pero sen voto.

resolución

A resolución desta convocatoria realizarase por acordo da Xunta de Goberno Local, procedendo á súa notificación a todos os centros educativos participantes.

base final

A participación no presente concurso presupón a aceptación incondicional das bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas que conteñen, así como a non posibilidade de apelar o fallo do concurso.



III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Vigo 2005-2007

INFO 986 810 284



CONCELLO DE VIGO



concellería de igualdade

Incentivos para promover accións e/ou programas en igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista nos centros educativos.



Colle a onda da igualdade